

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A ORQUESTRA CLÁSICA DE VIGO PARA POÑER EN VALOR A HISTÓRICA CONEXIÓN ARTÍSTICA DA MÚSICA E DO PATRIMONIO NO TERRITORIO TRANFRONTEIRIZO DO RÍO MIÑO NO MARCO DA SEGUNDA EDICIÓN DO PROGRAMA: “CONCERTOS ÁS BEIRAS DO MIÑO”

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE POR:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A ORQUESTRA CLÁSICA DE VIGO PARA POÑER EN VALOR A HISTÓRICA CONEXIÓN ARTÍSTICA DA MÚSICA E DO PATRIMONIO NO TERRITORIO TRANFRONTEIRIZO DO RÍO MIÑO NO MARCO DA SEGUNDA EDICIÓN DO PROGRAMA: “CONCERTOS ÁS BEIRAS DO MIÑO”

No Pazo Provincial, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, Luis López Diéguez, na súa condición de Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que se lle atribúen no artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Da outra, D. Gustavo Adolfo Barcia González, na súa condición de Presidente da Orquestra Clásica de Vigo e en nome e representación da entidade, con CIF nº G36688422, con sede na cidade de Vigo, Estrada de Clara Campoamor nº 28, CP 36213.

E Carlos Cuadrado Romay, actuando en calidade de Secretario Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ambas as dúas partes recoñécense con capacidade para a formalización deste convenio en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das administracións públicas; e para estes efectos, de común acordo,



EXPOÑEN

I. Os convenios das administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como se establecen nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; no artigo 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e nos artigos 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

II.- O artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dispón que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

III. Pola súa parte, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, se lle atribúe ás deputacións competencias no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación do territorio.

IV. A Orquestra Clásica de Vigo é unha entidade comprometida coa vitalidade cultural do seu territorio. Unha orquestra que celebrou o 40 aniversario en 2024 e que dende os seus comezos decidiu abrir camiño e apostar polo futuro do formato sinfónico ou gran formato, traballando de forma directa coas audiencias no territorio a través dea música de orquestra.

Unha orquestra é un instrumento de capacidades case infinitas que pode abordar, grazas a un traballo constante e periódico no tempo, repertorios moi diversos que congrega nun escenario a un gran número de artistas que forman parte do noso territorio. Poder compartir este traballo coas audiencias é unha prioridade necesaria, pois lexítima o proxecto.



A Orquestra Clásica de Vigo divide o ano en tres cuatrimestres, empregando o verán para poder ofrecer concertos fóra das salas de concertos. Accións que permiten xerar vínculos coas novas audiencias grazas a realizar concertos en espazos singulares da nosa contorna.

V. Co programa “Concertos ás beiras do Miño” a Orquestra Clásica de Vigo ten a oportunidade durante a tempada estival de realizar un traballo que estableza lazos coas comunidades da contorna transfronteiriza. Por este motivo ofrécese unha actividade periódica que aposta pola diversidade na programación viaxando polas poboacións das dúas marxes do río Miño.

Este programa é unha oportunidade para tecer unha ponte cultural a través da música de orquestra, escollendo espazos únicos das localidade fronteirizas como son os castelos, as igrexas, os parques ou as prazas.

VI. O obxectivo xeral deste convenio é o de poñer en valor a histórica conexión artística das dúas beiras do río Miño e o de ofrecer unha programación de concertos e actividades divulgativas abertas ao público, que contribúa á consolidación de audiencias entre o público deste territorio transfronteirizo.

O patrimonio histórico e natural deste territorio é extenso e mostra un poderoso atractivo. No programa de concertos quérese aproveitar a oportunidade para exploralo dende a música e conectar ao público a través dos espazos, a memoria e o patrimonio de pequenas localidades que normalmente non teñen acceso á música sinfónica polo seu custo e barreiras de acceso.

Neste marco de colaboración, encádrase a proposta deste convenio entre a Deputación de Pontevedra e a Orquestra Clásica de Vigo. Polo cal,

ACORDAN:

Primeiro. Obxecto da colaboración

É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre a Deputación e Pontevedra e a Orquestra Clásica de Vigo para o financiamento da organización da segunda edición do programa “Concertos ás beiras do Miño”, que consiste en programar e desenvolver unha programación cultural en localidades na Raia nos concellos galegos e cámaras portuguesas.

A programación consistirá en repertorios de gran formato, ofrecendo catro concertos de orquestra sinfónica que lle dedicará o repertorio a *Ludwig van Beethoven*, en concreto, a música para ballet “*As criaturas de Prometeo*”, e a súa Sinfonía nº 3 en mi bemol, op 55, coñecida como “*A Heroica*”, nos concellos galegos de A Guarda e As Neves, e nas freguesías portuguesas de Melgaço e Caminha.

Serán un total de catro concertos a realizar nos meses de verán de 2025, sendo gratuíta a entrada aos concertos, ate completar o aforo.

2. Os principais obxectivos deste programa de concertos serán:

- Fomentar e divulgar os concertos de música sinfónica para que a súa escoita e práctica se estenda ao resto de actividades que se realizan ao longo do ano neste territorio.
- Ofrecer concertos sinfónicos fora das salas de concertos e contextos patrimoniais diversos en aberto para achegarnos a novas audiencias.
- Achegar a música da Orquestra Clásica de Vigo e da música sinfónica ao público xeral, moitos deles non habituais deste xénero musical, para conseguir transvases de públicos.
- Valorizar o Patrimonio a través do desenvolvemento destes concertos en espazos patrimoniais de amplo compoñente simbólico para as



comunidades, así como explorar o patrimonio no seu conxunto-musical, arquitectónico e histórico- en contextos inéditos.

- Colaborar entre entidades mediante o traballo coas entidades locais nas que se desenvolva cada concerto así como o seu tecido cultural para promocionar de forma efectiva as actividades e sementar un interese por este xénero musical.

Segundo.- Financiamento do convenio

1.- As actividades programadas que a Orquestra Clásica de Vigo e a Deputación levarán a cabo teñen un orzamento total de 25.000,00 € (VINTE E CINCO MIL EUROS).

2.- As actuacións ás que se refire este convenio serán financiadas pola Deputación Provincial, que se obriga a sufragar o seu custe ata a cantidade máxima de 25.000,00€, consonte a seguinte distribución:

	Anualidade	Total
Deputación de Pontevedra	2025	25.000,00 €

3.- O pago realizarase contra a aplicación 25/942.9431.489.01 "A entidades sen fins de lucro, Coop. Transfronteiriza_Cooperación", na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

No caso de que a actuación teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade da actuación, o financiamento reducirase proporcionalmente.



Terceira.- Execución do convenio

1.- A execución do convenio e o seu financiamento pola Deputación Provincial, terá lugar coar desagregación que se establece no anexo I deste convenio.

2.- A Deputación de Pontevedra poderá inspeccionar as actuacións obxecto deste convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes.

3.- A achega farase efectiva mediante transferencia bancaria que será liberada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención Provincial, e na parte proporcional do financiamento.

Cuarto.- Compromisos da Deputación

A Deputación de Pontevedra comprométese a:

1.- Financiar os costes derivados do convenio, ata a cantidade máxima de 25.000,00€ (VINTE E CINCO MIL EUROS), de conformidade co disposto no anexo I, que será liberada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, na parte proporcional do financiamento.

2.- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das a acudas que lla corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e da Resolución Presidencial número 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000 euros.



Quinto.- Compromisos da Orquestra Clásica de Vigo

- 1.- Correspóndelle á entidade o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización das actividades programadas.
- 2.- A entidade organizará as actividades, co visto bo da Deputación de Pontevedra. Responsabilizarase da organización integral do programa así como de dispoñer dos espazos e de solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3.- A entidade realizará unha rolda de prensa conxunta para presentar o proxecto e fortalecer a visibilidade e repercusión da acción de cara aos medios locais.
- 4.- Someterse ás actuacións de comprobación que leve a cabo o órgano concedente ou entidade colaboradora, no seu caso, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- 5.- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Deputación de Pontevedra, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- 6.- Cumprir cos demais supostos previstos neste convenio ou calquera outra obriga prevista no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Sexto.- Publicidade do financiamento provincial

- 1.- A acción obxecto de subvención deberá garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Orquestra Clásica de Vigo.
- 2.- A Orquestra Clásica de Vigo fará constar de forma expresa o patrocinio da Deputación nos documentos e informes que se redacten, nas entrevistas e encontros

que se celebren e nas publicacións divulgativas que se deriven das mesmas, así como na publicidade (web, RRSS) que con tal motivo se faga.

3.- Coa conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

Sétimo.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberáselle de dar publicidade á subvención outorgada neste convenio, nos termos e condicións establecidos na dita lei. Por outra banda, consonte co disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, remitirase a Base de Datos Nacional de Subvencións a información correspondente á achega económica outorgada, nos termos establecidos na citada norma.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á Orquestra Clásica de Vigo será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na páxina Web da Deputación (<http://www.depo.gal/>).

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

Oitavo.- Compatibilidade con outras subvencións

1.- Conforme ao disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

2.- Porén o importe da subvención en ningún caso poderá ser da tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo total da actividade subvencionada.

Noveno.- Xustificación da subvención

A documentación xustificativa a presentar pola Orquestra Clásica de Vigo, previa á realización do pago final, será a seguinte:

- Conta xustificativa que relacione os gastos e os ingresos da actividade subvencionada;
- Facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado. Consideraranse subvencionables as xeradas no marco do convenio a partir do día da sinatura deste convenio.
- Na xustificación de ingresos, relacionaranse outras axudas concedidas para a mesma finalidade, así como os importes correspondentes a doazóns, patrocinios e outros ingresos afectados total ou parcialmente á actividade subvencionada.
- Memoria explicativa e detallada das actividades realizadas relacionadas cos gastos da actividade subvencionada, con mención dos resultados obtidos e identificación de asinante.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e sociais.

- Acreditación da difusión dada á colaboración da Deputación no financiamento da actividade;
- Declaración responsable de que os ingresos e gastos que figuran na conta xustificativa se destinaron á actividade obxecto do convenio; dos ingresos obtidos; e de que as subvencións ou axudas obtidas non superan o custe da actividade.
- Declaración das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, na que se indicará, de ser o caso, a entidade concedinte, data e importe total concedido.
- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado no anexo I, non podendo ser estas superiores ao 20% do consignado para ese concepto de gasto no orzamento

Décimo.- Comisión de Seguimento

1.- Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación, crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das entidades asinantes, un dos cales terá carácter técnico

2.- Corresponderá á Comisión de Seguimento, entre outras funcións:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.
- Proponer a interpretación, en caso de dúbida, do seu contido.

- A coordinación entre as partes asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.
- En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, propoñer ás partes a resolución das mesmas.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das entidades asinantes.
- A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

3.- A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar no Pazo Provincial de Pontevedra. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

Décimo Primeiro.-Vixencia e prazo de xustificación

1.- O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actividades ás que o mesmo se refire, que en todo caso non excederá do 15/09/2025.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Orquestra Clásica de Vigo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula novena no prazo máximo de trinta días contado a partir da finalización daquelas.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitiralle un requirimento á Orquestra Clásica de Vigo para que á presente no prazo improrrogable de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas

neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Orquestra Clásica de Vigo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 25ª (6º a 7ª) de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Orquestra Clásica de Vigo na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Orquestra terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, devengados dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

Décimo Segundo.- Extinción do Convenio

1.- O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

2.- Serán causas de resolución:

1. O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
2. O acordo unánime dos asinantes.
3. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistirá o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A



resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

4. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
5. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Décimo terceiro. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social

1.- A entidade deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa deputación provincial será realizada de oficio pola Deputación.

Décimo cuarto. Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá levar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación, de conformidade co disposto na Bases de Execución do Orzamento da Deputación, seguirase o disposto nos artigos 36 a 43 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 a 101 seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

3.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro,



ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

Décimo quinto.-Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, Xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e as Bases de Execución do orzamento da Deputación de Pontevedra. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle á Presidencia da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E, en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente Convenio, na data da sinatura electrónica.

O Presidente da Deputación de Pontevedra

Asdo.: Luis López Diéguez

O Presidente Orquestra Clásica de Vigo

Asdo.: Gustavo Adolfo Barcia González

O Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra

Asdo.: Carlos Cuadrado Romay

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A ORQUESTRA CLÁSICA DE VIGO PARA POÑER EN VALOR A HISTORICA CONEXIÓN ARTISTICA DA MÚSICA E DO PATRIMONIO NO TERRITORIO TRANFRONTEIRIZO DO RIO MIÑO NO MARCO DA SEGUNDA EDICIÓN DO PROGRAMA: "CONCERTOS ÁS BEIRAS DO MIÑO"

ANEXO I

N	Concepto	Importe	IVE	Importe Con IVE
1	Caché artistas, formación e solistas 4 concertos (50 integrantes)			
	Total	6.005,25€	0,00€	6.005,25 €
2	Aluguer cadeiras público e instrumentistas 4 concertos			
	Total	1.680,00 €	352,80 €	2.032,80 €
3	Produción e montaxe concertos			
	Montaxe, transporte e produción 4 concertos	2.400,00 €	504,00 €	2.904,00 €
	Produción ensaios e persoal de montaxe	1.240,00 €	260,40 €	1.500,40 €
	Edición partituras e materiais	200,00 €	42,00 €	242,00 €
	Total	3.840,00 €	806,40 €	4.646,40 €
4	Aluguer material sinfónico instrumental e partituras para os concertos e ensaios			
	Total	754,50 €	158,45 €	912,95 €
5	Transportes instrumentistas aos concertos do ciclo			
	Total	1.800,00 €	180,00 €	1.980,00 €
6	Aluguer de material de son e iluminación para os concertos			
	Aluguer material son: amplificación 4 concertos	750,00 €	157,50 €	907,50 €
	Aluguer material iluminación: 4 concertos	570,00 €	119,70 €	689,70 €
	Total	1.320,00 €	277,20 €	1.597,20 €
7	Deseño e organización do ciclo e os eventos			
	Total	2.000,00 €	420,00 €	2.420,00 €
8	Comunicación específica, notas de prensa e convocatoria			
	Deseño da comunicación e calendarización	300,00 €	63,00 €	363,00 €
	Comunicación específica	600,00 €	126,00 €	726,00 €
	Total	900,00 €	189,00 €	1.089,00 €
9	Imaxe do evento, recursos web e material para impresión			
	Total	400,00 €	84,00 €	484,00 €
10	Imprenta			
	Impresión lonas e materias rúa	600,00 €	126,00 €	726,00 €
	Impresión folletos e cartelería	500,00 €	105,00 €	605,00 €
	Reprografía partituras	100,00 €	21,00 €	121,00 €
	Total	1.200,00 €	252,00 €	1.452,00 €
11	Vídeo resumo e documentación			
	Total	700,00 €	147,00 €	847,00 €
12	Fotografía e documentación concertos			
	Total	700,00 €	147,00 €	847,00 €
13	Cátering artistas			
	Total	624,00€	62,40€	686,40 €
		21.923,75 €	3.076,25 €	25.000,00 €



A Orquestra Clásica de Vigo é unha entidade de carácter social exenta de IVE segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 37/1992 e en aplicación do artigo 20.1.14º da Lei do IVE.